

D. EMILIO BRUQUETAS SERANTES

REPRESENTANTE DOS INTERESES SOCIAIS

Licenciado en Ciencias Empresariais e máster de Administración e Dirección de Empresas

TRAXECTORIA

En 2001 se incorporouse a Reganosa como xefe de Planificación e Control de Xestión. En marzo de 2012 foi nomeado director xeneral da compañía, cargo que dende finais de 2017 ocupa tamén na matriz do grupo enerxético, Reganosa Holdco. Participa igualmente nos órganos de administración de Reganosa Servizos e preside Reganosa Malta, Reganosa Ghana e Regasona Italia. Dende que está á fronte da compañía, esta obtivo o recoñecemento europeo e nacional como xestor de rede de transporte de gas natural (TSO), interrompeu en novos nichos de negocio e reforzou a súa organización ao mercado global, como nas terminais de GNL de Delimara (Malta), Al-Zour (Kuwait), Tema (Ghana) e Santa Giusta (Italia).

Foi membro de organizacións gasistas nacionais e internacionais; entre elas, a Comisión Permanente do Consello Directivo de Sedigas (Asociación Española do Gas), ENTSOG (European Network of Transmission System Operators for Gas) e GIE (Gas Infrastructure Europe).

Ademais, é conselleiro da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia (Impulsa Galicia) e asesor industrial do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemáticas de Galicia (CITMAGA).

Formou parte tamén do comité de expertos constituído pola Xunta de Galicia para planificar a recuperación económica poscoronavirus.

Actividade docente

No área docente destacan as súas colaboracións coa UDC, onde impartiu clases no Máster de Banca e Finanzas, no MBA e no Máster de Loxística e Transporte, e co Club Español da Enerxía, onde fixo o propio no Máster en Finanzas da Enerxía.